

**XXX Marcha de Vivac – FGM
Serra Calva e Pena Trevinca**

10 e 11 de xuño de 2017

Estimados compañeiros:

Dende o Clube de Montaña Xistra desexamos convidaros á **XXX Marcha con Vivac da FGM**, que este ano temos a honra de organizar na Serra de Trevinca.

Desexamos que lle deades a máxima difusión entre os vossos asociados e agardamos a vosa participación nesta interesante actividade. **Proximamente remitiremos máis datos deste evento.**

Descrición Xeral:

Actividade federativa galega de marcha con vivac. É un percorrido de alta montaña galega. A actividade pode ser esixente, e non está prevista a asistencia nin traslado de materiais ata a zona de vivac. Os participantes deberán contar cunha boa preparación e levar todo o necesario para o vivac.

Regulamento:

- 1-. Esta actividade terá lugar os días 10 e 11 de xuño de 2017, na Serra de Trevinca.
- 2-. Poderán participar unicamente montañeiros federados.
- 3-. Os deportistas deberán ir provistos do material e prendas adecuadas para a actividade, incluído o material de acampada/vivac e provisións de alimentos e bebida.
- 4-. A Organización só dará asistencia no punto de partida e chegada.
- 5-. As inscricións efectuaranse na web de Xistra, antes das 22:00h do día 7 de xuño (mércores).
- 6-. Os participantes nesta actividade asumen a aceptación completa deste regulamento. Calquera cuestión ou dúbida será resolta pola Organización, e a súa decisión será de obrigado cumprimento.
- 7-. Os participantes comprométese a seren respectuosos ó máximo coa contorna. Queda prohibido totalmente deixar lixo ou residuos.
- 8-. A Organización non se fai responsable de ningún tipo de accidente. Os participantes deberán obedecer sempre as indicacións da Organización.
- 9-. SÓ PODERÁN PARTICIPAR OS FEDERADOS QUE PRESENTEN CUMPRIMENTADA A FOLLA DE INSCRIPCIÓN OBRIGATORIA VIXENTE E DISPONIBLE NA PÁXINA WEB DA FEDERACIÓN.**

Henrique Freixeiro
Presidente do C.M.Xistra

Vigo, a 22 de maio de 2017

